



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
23.12.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 23.12.2020

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 14:45

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Garrido Valenzuela, Javier
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María
Vázquez Reboredo, Ana Isabel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Figueroa Vila, José Manuel
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Casares Mouriño, Francisco Javier
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Veites Baptista de Sousa, Juan Manuel

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 23 de decembro de 2020, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (04.12.2020).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do reitor.
- 4.** Plan estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026.

Acordos e informes da Comisión Económica. Propostas ao Pleno (reunión do 17 de decembro de 2020)

- 5.** Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2021, consonte o recollido no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
- 6.** Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2021.
- 7.** Aplicación e accións desenvolvidas respecto das recomendacións da empresa auditora recollidas no Plan de control financeiro da UVigo no exercicio 2019.
- 8.** Aplicación e aproveitamento dos informes de auditorías operativas sobre:
 - a) "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".
 - b) "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".
- 9.** Propostas para determinar o contido dunha nova auditoría operativa orientada a promover a mellora do ensino, da investigación ou da xestión dos servizos da UVigo.
- 10.** Asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2019, por cargos de xestión, pola labor docente e investigadora, e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.
- 11.** Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2020.
- 12.** Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2021.
- 13.** Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.
- 14.** Informe que proceda sobre o cambio de denominación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, consonte acordo do Consello de Goberno.
- 15.** Informe que proceda sobre a creación do Centro de investigación interuniversitario galego de matemáticas, consonte acordo do Consello de Goberno.
- 16.** Rogos e preguntas.

O Pleno celébrase de xeito telemático debido ás medidas establecidas para evitar os riscos da Covid-19. Para informar sobre distintos puntos da Orde do día, asisten os vicerreitores Manuel Ramos (Ordenación académica e profesorado) e M^a Belén Rubio (Investigación), así como o director de Administración, Rodrigo Cerviño, e o responsable do Plan Estratéxico, Jacobo Porteiro. Como convidado asiste tamén Manuel González Piñeiro, representante de UGT ata o de agora e que é relevado nesta sesión por Juan José Santamaría.

O presidente agradece a asistencia dos presentes.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (04.12.2020).

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 2

Informe do presidente.

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre os posibles requisitos que debería cumprir unha universidade ideal, para deducir que a maioría deles corresponden ao campo de acción dos Consellos Sociais, especialmente os referidos a achegar a empresas e universidades e a poñer aos alumnos na centralidade. Entende, por tanto, que os Consellos Sociais están ante unha "oportunidade sen precedentes para despregar as súas posibilidades e competencias".

Pide sacar conclusión positivas da crise, porque as universidades melloraron a identificación coas sensibilidades colectivas, e porque a sociedade é "máis consciente ca nunca de que a ciencia e a investigación non só nos melloran a vida senón que nos poden evitar perdela".

Avoga por mirar cara as inversión públicas en talento, en investigación ou en mecenado. "Se agora protexemos e esixímoslle máis ás universidades, o futuro estará menos deteriorado cando todo pase", afirma. Neste senso subliña que a crise está a detectar con máis claridade onde están as emerxencias e as necesidades dos alumnos ou os prexuízos para as mulleres científicas respecto dos homes, ou con carácter xeral onde están as zonas de mellora que en circunstancias normais "tardaríamos máis en detectar".

Sobre o novo decreto que está a preparar o Ministerio para determinar os mínimos que deberán cumprir as universidades, sexan públicas ou privadas, para poder ser cualificadas como tales, e non quedar na nomenclatura como colexios ou centros de estudos superiores, manifesta Ernesto Pedrosa que debe ser acollido de xeito positivo porque dará garantías de igualdade de oportunidades e de que a formación e a investigación será de calidade. Incide en que eses requisitos mínimos se aplicarán con carácter retroactivo, polo que só se poderán chamar universidades aquelas que os superen, incluíndo tanto as xa existentes como as que estean agora mesmo en proceso de creación.

Seguidamente informa da convocatoria do Premio Consello Social_UVigoHumana; do informe sobre o impacto da COVID-19 nos titulados da UVigo, elaborado por Luis Espada e Víctor Cacharrón para o Observatorio de egresados, e que foi remitido ao Parlamento de Galicia como material de traballo e análise das consecuencias da crise; e do terceiro Plan de Igualdade que aplicará a UVigo entre 2020 e 2024.

Dedica Ernesto Pedrosa unha referencia especial ao Plan Estratéxico da UVigo para 2021-2026, un documento que cualifica como "esencial para vehiculizar as zonas de paso entre a universidade e a sociedade, e que chega ao Consello Social despois de pasar polo Claustro e polo Consello de Goberno. Agradécelle ao director do Plan, Jacobo Porteiro, que o presente ante o Pleno, e agradece os traballos e as aportacións que fixeron Elvira Larriba, Jesús Graña e Manuel González Piñeiro, en representación do Consello Social.

Respecto da Conferencia de Consellos Sociais (CCS) dá conta das reunións con representantes do Ministerio de Universidades e do Ministerio de Ciencia e Innovación, para emitir opinión sobre distintos plans e iniciativas, entre elas fomentar a dotación pública e a inversión privada en I+D ata acadar o 2,12% do PIB en 2027, e impulsar a dixitalización na educación superior.

Dá a benvida ao alumno Daniel Couto, reelixido polo Consello de Goberno como membro do Consello Social. Tamén da a benvida a Juan José Santamaría como novo representante de UGT no Consello Social, en substitución de Manuel González, a quen lle agradece a "pro-activa e construtiva participación durante os catro últimos anos. Agradece así mesmo a presenza do director de Administración, Rodrigo Cerviño, e do vicerreitor de Ordenación académica e a vicerreitora de Investigación.

Finalmente e ante as posibles substitucións e renovacións de membros do Consello Social que se puideran producir antes da próxima reunión, o presidente fai un agradecemento xeral e pide que "en calquera caso, se manteña activo o compromiso e a defensa da institución universitaria".



PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia por agradecer a participación e o interese do Consello Social no Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026, "que propiciará unha universidade máis moderna, máis involucrada na sociedade e máis completa". Repasa de seguido as decisións máis destacadas tomadas nos últimos meses e as actividades desenvolvidas de xeito virtual pola pandemia. E refire diversas novas que revelan distintos eidos de xestión nos que se está a aplicar a UVigo, e os abundantes recoñecementos e iniciativas que se están a producir no campo da investigación e da transferencia do coñecemento universitario ás demandas sociais.

Entre outros asuntos, informa dos seguintes:

- A posible inauguración do Edificio Fontán no Gaiás en primavera, onde irán varios centros para potenciar a investigación (entre eles un no ámbito do patrimonio que fará de Galicia unha referencia en España) e afondar na integración do SUG, acoillendo servizos dende os que se atenderá ao conxunto dos campus galegos.
- A presenza de dous profesores da UVigo no Instituto de investigación sanitarias Galicia sur, e a posibilidade de dispor do selo de calidade para acceder a novas fontes de financiamento.
- Participación de investigadores no deseño de estratexias para o turismo post-COVID, e protagonismo no Plan "Galicia destino seguro 2021-2023".
- Éxito da OPI, con cifras importantes no traballo coas empresas e unha evolución da captación de fondos I+D+i en "cifras record".
- Escasa incidencia do efecto negativo da pandemia sobre a produción científica da UVigo, e rexistro dunha caída "moi suave" no tocante á transferencia.
- Satisfacción polo informe negativo emitido dende o Consello Galego de Universidades á petición da SCQ de implantación dun Grao en Intelixencia Artificial, despois de que no Consello de Goberno, "por responsabilidade ao estar pechado o mapa de titulacións, parásemos unha proposta semellante presentada por Ourense no seu día".
- Concesión de 350 mil euros do Concello de Vigo para atender necesidades dos estudantes.
- Felicitacións aos tres centros singulares de investigación da UVigo acreditados (dos oito que hai en Galicia), "e temos que pasar a seis".
- Éxitos en proxectos internacionais, dous coordinados por profesores da UVigo, que serán presentados e dados a coñecer a través dos medios.

O Reitor cita ademais como exemplo da capacidade investigadora o pulo da investigación agroalimentaria que se fai en Ourense e a presenza en Portugal; os proxectos de Turismo ligados a peregrinacións; seminarios como o Hispano-Luso de Economía de empresa, dirixido polo profesor Fraiz; observatorios como o Económico que promove a Deputación de Ourense e que dirixe o profesor Mazaira; o do Campus do Mar; recoñecementos como os concedidos pola Aula Boeing a tres alumnos de Aeronáutica ou o ingreso do profesor Santiago Lago na Real Academia de Ciencias económicas e financeiras; premios a investigadores, como os concedidos pola Real Academia Galega a Jesús Simal e a Xosé Ramón Nóvoa; ou convenios como o asinado co Foro empresa Pontevedra.

Na súa ampla exposición dedica un apartado específico ao III Plan de Igualdade aprobado pola UVigo ("ímoslle comendo terreo a desigualdade"), ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, agradecendo á secretaria xeral Susana López á deferencia coas universidades; á Sociedade dixital e de xénero e ao apoio da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; e á iniciativa Inspira-STEAM para promover as vocacións femininas científico-técnicas; ou a diferenza de produción científica entre homes e mulleres "pola fenda de coidados" derivados da pandemia.

Outros asuntos que salienta refírense á toma de posesión de titulares e catedráticos, co obxectivo de avanzar na igualdade; á Comisión interuniversitaria de Política lingüística; ás conversas coa Administración autonómica para poder facer na ETEA algo máis do que agora está previsto ("imos tratar de ter un polo de excelencia ligado á investigación mariña"); o Campus Integra; propostas para o programa Next Generación; ou as mesas de negociación de PAS e PDI.



PUNTO 4

Plan estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026.

O presidente dá a palabra a Jacobo Porteiro, quen agradece a invitación para dar conta do Plan Estratéxico ante o Consello Social, e agradece ás aportacións ao presidente e aos membros do Consello Social que participaron nas diferentes comisións, que fai extensible aos máis de cen membros da comunidade e da sociedade que se implicaron na elaboración. Explica que se trata dunha folla de ruta para toda a Universidade e pormenoriza a estrutura do documento. "Queremos que o Plan sexa seguido e marque a liña estratéxica da UVigo", afirma.

Sinala que a motivación do PE se remite a facer unha autocrítica e unha reflexión sobre onde se quere que estea a UVigo dentro de cinco anos, onde debería estar e as medidas e as políticas que se deben aplicar para conseguilo e progresar como institución, sen perder de vista unha dirección estratéxica máis alá do día a día. Resume os antecedentes, a diagnoses da situación actual e a metodoloxía do proceso seguido. Como misión cita a mellora da vida das persoas e da contorna a través da docencia e da investigación. Define a visión, os cinco eixos estratéxicos (Formación, Investigación e Transferencia, Persoas, Organización e Recursos, e Relación coa sociedade), os valores e identidades que deben estar presentes en toda acción estratéxica, obxectivos, accións e indicadores, que permitirán o seguimento "realista" do progreso do Plan. Subliña o importante papel da Comisión de seguimento activo do PE como mecanismo operativo.

Na exposición destaca os valores e identidade que deberán estar presentes en todo o Plan: o idioma galego, a plena igualdade e a internacionalización. Incorpóranse igualmente os 17 valores dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030; e finalmente os 29 obxectivos estratéxicos cada un co seu indicador para posibilitar un seguimento eficaz.

Concluída a presentación, resposta e toma nota Jacobo Porteiro dalgunhas suxestións e dúbidas expostas. Lamenta o Reitor que a UVigo teña estado oito anos sen Plan, e manifesta que se debe aspirar a que o novo PE sirva para elevar a mirada ao futuro, e que sexa o faro "para buscar a universidade de 2026".

O presidente agradece as intervencións e ***o Pleno dá a súa conformidade ao Plan.***

PUNTO 5

Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2021, consonte o recollido no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.

Explica o vicerreitor de Economía os criterios seguidos e as consideracións que se teñen en conta para a elaboración do teito de gasto, como é o caso do plan de re-equilibrio para as universidades do SUG, aprobado pola Xunta, e que os fondos finalistas e a suba salarial aprobada polo Goberno central para o exercicio 2021 non contan no cálculo. O teito sitúase en 196.138.842,49 €, o mesmo que para o exercicio 2020. Estima Martín Moreno que é unha cantidade que se axusta á realidade, tendo en conta que a UVigo non calcula os ingresos en función do PIB senón que os ingresos estruturais están establecidos en relación ao Plan de financiamento do SUG, que para este exercicio está prorrogado. (Elena Añel abstense por non coñecer a documentación a fondo).

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2021.

O vicerreitor Martín Moreno principia sinalando o escenario orzamentario e os condicionantes económicos e legais que se deben cumprir. Lembra que en 2021 culmina o Plan de Financiamento do SUG correspondente ao cuatrienio 2016-2020, e remata un ciclo ao que a UVigo chega coas contas saneadas, con equilibrio orzamentario dende 2012, cumprindo estritamente os prazos para facer pagamentos e con remanente para a financiación de actividades autorizadas. Avanza que o orzamento está elaborado con algunha incerteza por descoñecer os ingresos que se recibirán do novo Plan de financiamento do SUG e o convenio de I+D+i que aínda se está a negociar por parte das tres



universidades, pero que se considerou conveniente elaboralo igualmente por "reflectir seriedade e rigor".

Fai de seguido unha pormenorizada exposición do orzamento da UVigo para 2021, que se eleva a 184.640.912 € e que inverte a tendencia de crecemento dos catro últimos exercicios (un 5% inferior ao de 2020), debido fundamentalmente a que en 2020 non houbo convocatorias que en 2019 abríronse con éxito para a UVigo, tanto da Xunta nin de convocatorias nacionais de infraestruturas de investigación e eficiencia enerxética, e o convenio de I+D+i aínda está en fase de negociación. Non se pode, polo tanto, computar estes ingresos potenciais "que se recibirán, pero non sabemos a contía". Engade que a demora na aprobación das contas estatais e autonómicas, e a previsión da chegada de fondos europeos extraordinarios para 2021 provocan que non sexa posible "aínda" traballar con cifras pechadas.

Na súa intervención apunta tamén que a evolución destas partidas pendentes podería posibilitar que os ingresos reais a recibir pola UVigo en 2021 superen aos de 2020, cando acadaron a cifra récord de 195 millóns de euros.

Con todo subliña que a UVigo terá en 2021 o orzamento estrutural máis alto da súa historia xa que os ingresos estruturais, é dicir, os non afectados, ascenderán a 150.806.172 €, tres millóns máis que en 2020, debido a factores como o incremento salarial do 0,9%, a incorporación dos sexenios de transferencia e os ingresos procedentes da Xunta pola COVID-19. Esta circunstancia "confirma a senda de estabilidade e garante poder seguir avanzando nos eixos estratéxicos".

Na exposición detallada das liñas básicas da actuación orzamentaria, por ingresos e gastos, Martín Moreno cita entre estes últimos a causa do aumento no capítulo de persoal (116.833.700 € fronte os 112.996.556 € de 2020) como a principal partida da distribución de gastos (un 63,28% do total). Aclara tamén a redución do capítulo de transferencias correntes (-9,45%) pola diminución de axudas do Ministerio para os proxectos de relacións internacionais, e o descenso (-32,41%) dos investimentos reais, polos fondos finalistas de investigación que -polas causas expostas- non se puideron incorporar. Para mellor comprensión amosa gráficas co resumo por capítulos desagregando os importes afectados, os non afectados e os totais. (Elena Añel abstense por non coñecer a documentación a fondo).

- **O Pleno aproba o orzamento.**

PUNTO 7

Aplicación e accións desenvolvidas respecto das recomendacións da empresa auditora recollidas no Plan de control financeiro da UVigo no exercicio 2019.

Toma a palabra Rodrigo Cerviño, director de Administración da UVigo, para dar conta de como se están a resolver as recomendacións feitas pola empresa auditora no Plan de control financeiro do exercicio 2019, referidas a sistemas, procedementos e controis, nas áreas de inmovilizado material, outros incrementos patrimoniais pendentes de imputar a resultados e débedas a longo e corto prazo. Na súa intervención resume a documentación da que dispoñen os membros, con respostas de acción particularizadas a cada caso. Conclúe que se está a cumprir e incorporar melloras para atender as recomendacións na súa totalidade.

- **O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 8

Aplicación e aproveitamento dos informes de auditorías operativas sobre:

- a) "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".*
- b) "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".*

Manifesta o presidente que este punto recolle o seguimento que se está a facer dende a Comisión Económica do Consello Social das auditorías operativas que se encargan anualmente sobre servizos da UVigo, para coñecer en que medida se están aplicando e ó proveito que se tira das



correspondentes conclusións e recomendacións nos diferentes departamentos e servizos sinalados en cada caso. Polo que se trata de manter informado ao Pleno, e posibilitar calquera dúbida ou consulta sobre a documentación oportunamente remitida.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 9

Propostas para determinar o contido dunha nova auditoría operativa orientada a promover a mellora do ensino, da investigación ou da xestión dos servizos da UVigo.

Intervén o secretario para informar que a Comisión Económica ven de propoñer na súa última reunión que a próxima auditoría operativa se faga sobre "o papel que pode desempeñar o Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) no que se refire á centralización de compras e servizos comúns ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software, fondos bibliográficos, etc...) e o aforro de custes que pode supoñer". Aclara Ignacio Rodríguez que o informe deberá ser recibido no Consello Social en xuño. Así mesmo explica que a empresa auditora está a facer neste momento outra auditoría operativa, que deberá entregar en febreiro, sobre "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 10

Asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2019, por cargos de xestión, pola labor docente e investigadora, e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.

Sinala o presidente que este punto, remitido polo Consello de Goberno e avaliado na Comisión Económica, e apoiado nas valoracións da ACSUG, require a aprobación do Consello Social. Ernesto Pedrosa remite á completa documentación da que dispoñen os asistentes para dar trámite a este punto.

- ***O Pleno acorda a asignación.***

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2020.

Menciona o presidente a relación de convenios, e indica que quedan na Secretaría a disposición de quen precise consultalos.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 12

Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2021.

Sobre a documentación remitida aos membros, sublíñase que o orzamento mantense por noveno exercicio consecutivo, producíndose a variación máis significativa no transvase de recursos dende o capítulo 2 ao 4, para atender iniciativas relacionadas cos egresados, alumnos procedentes doutros países e necesidades dos estudantes nun contexto especialmente adverso.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 13

Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre as circunstancias excepcionais que se están a producir e que instalan na provisionalidade e a incerteza calquera programación que se faga a priori. Este feito dá pé a que algunhas das iniciativas máis importantes previstas para 2020 se retomem para 2021, á espera de que a presencialidade sexa posible. O presidente dá lectura a parte dos contidos recollidos no Plan



elaborado pola Secretaría, que cualifica como proposta Aberta polo que convida aos asistentes a facer as achegas que consideren oportunas.

- ***O Pleno aproba a proposta.***

PUNTO 14

Informe que proceda sobre o cambio de denominación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, consonte acordo do Consello de Goberno.

O vicerreitor de Ordenación académica, Manuel Ramos presenta e defende a proposta de cambio de denominación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais ("un centro histórico a piques de cumprir os 100 anos"), por Facultade de Comercio, que encaixa coas titulacións que ofrece (Grao en Comercio, Mestrado en Comercio internacional e Mestrado en dirección de PEMES), e que se corresponde co feito noutras universidades, tendo ademais en conta que a denominación actual non se contempla na normativa e compre modificala para adaptarse á descrición da LOU. Solicita o apoio do Consello Social, ao igual que fixeron de xeito unánime a Xunta de Centro, o Consello de Goberno e o Claustro.

Neste punto pide a palabra Juan J. Santamaría para comentar que na memoria do cambio de denominación da Escola faise referencia, no Fundamento 1, aos artigos 7 e 8 da LOU, pois ben na do 8 da LOU 2007, no 8.1 aparece unha incrustación de: ... BOE núm. 89 Venres 13 de abril ... que, de ser o caso, debería aparecer entre aspas ou parénteses, engadindo que o punto 8.2 da LOU 2007 foi anulado polo Tribunal Constitucional. Neste senso suxire recomendarlle á universidade que cando nos seus documentos se fagan referencias de tipo legal, se pasen a informe da Asesoría Xurídica da Universidade, con carácter previo á súa tramitación ante o Consello Social.

- ***O Pleno informa favorablemente o cambio de denominación.***

PUNTO 15

Informe que proceda sobre a creación do Centro de investigación interuniversitario galego de matemáticas, consonte acordo do Consello de Goberno.

Presenta este punto a vicerreitora de Investigación, M^a Belén Rubio, para expoñer, entre outros aspectos, o resumo executivo, o contexto, as liñas xerais, o informe de avaliadores externos e o plan de viabilidade da proposta, que integrará as capacidades científicas e tecnolóxicas, os obxectivos e os compromisos das tres universidades galegas neste campo das Matemáticas, creando unha entidade de I+D sostible e con relevante impacto académico, social e económico.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 16

Rogos e preguntas.

M^a Elvira Larriba e Antonio Macho coinciden no seu interese por coñecer os usos que lle dará a UVigo ao edificio no Berbés, visto ademais que no orzamento consígnanse varias cantidades para este fin. O Reitor notifica que xurdiu un pequeno atranco en relación coa protección da fachada polo que se está á espera do que diga Patrimonio e non hai data para a inauguración, se ben o equipamento xa está disposto. Respecto dos usos principais adianta que estarán orientados a atender ao alumnado, propio e aos Erasmus, e ás actividades institucionais, con despacho, zona de recepción, sala de xuntas e para medios, dúas aulas e un espazo para actividades culturais. Anuncia así mesmo algunha sorpresa importante que se dará a coñecer o día da presentación.

Emilio F. Zunzunegui pregunta se hai máis información (e se a ten a CRUE) sobre o futuro Real Decreto previsto para modificar os requisitos para crear universidades privadas, e cómo afectaría á pretensión do IESIDE neste sentido. Manuel Reigosa resposta que a información dispoñible é a que aparece nos medios. Subliña que, se chega a ser de obrigado cumprimento, para algunhas universidades privadas será un "atranco" porque terán que aplicar un maior esforzo en investigación e ter unha maior e mais aberta oferta de títulos. Engade que o decreto marcará as esixencias futuras



para as novas universidades, que deberán cumprilo dende o principio; e para as actuais, que terán un período de cinco anos para cumprilas.

Elena Añel comunica a súa abstención nos puntos 5 e 6, "por prudencia" ao non coñecer a información a fondo. No tocante ao Plan Estratégico amosa a súa satisfacción por poñer o galego e a igualdade por diante. Respecto do punto 12 amosa a súa estrañeza polo elevado importe dedicado a publicacións, avogando polas posibilidades que ofrecen os soportes dixitais. Explica o secretario que non se trata dunha partida para publicacións só do Consello Social, senón que tamén abarca publicacións vencelladas a seminarios, xornadas, congresos ou autores externos que solicitan apoio do Consello Social para a difusión impresa dos seus traballos. Elena Añel finaliza intercedendo pola presencialidade destas reunión tan pronto sexa posible.

Nos mesmos termos respecto do Plan Estratégico pronunciase Xosé M^a Atanes, que amosa o seu "absoluto apoio" ao compromiso coa lingua galega, por entender ademais que prestixiar o idioma reportará vantaxes estratéxicas para achegarse á lusofonía ou aos que falan un idioma semellante. Afirma que é o camiño a seguir.

Pide a palabra Juan José Santamaría para pedir que se lle suxira á Dirección da Escola de Empresariais, agora Facultade de Comercio, que solicite da Axencia Tributaria estatal o recoñecemento do Mestrado en Comercio Internacional de dita Facultade, para que os seus estudantes teñan as mesmas oportunidades de acceso á profesión de Axente de Aduanas que os doutros Cursos sobre tal materia: exención de exame teórico. Aclara que, entre os 32 Cursos, mesmo de Cámaras de Comercio e outras institucións e de titulados superiores de Formación Profesional, e outros mestrados recoñecidos por dita Axencia Tributaria, non está o da agora Facultade de Comercio da UVIGO e isto é o que coloca aos seus alumnos en situación de desvantaxe no acceso a tal profesión.

Finalmente Manuel G. Piñeiro, que asiste como convidado á sesión, na súa despedida, agradece as palabras recollidas no informe do presidente e a acollida por parte dos membros do Consello Social, pedindo para o seu sucesor (Juan J. Santamaría) o mesmo apoio que el recibiu durante os catro anos que estivo como representante de UGT.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:45 horas do 23 de decembro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias